



Proposta de resolución do procedemento de contratación contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting).

O 13 de maio de 2014, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas da contratación administrativa para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra o mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e un valor estimado de 38.400,00 € (sen IVE).

O 13 de maio de 2014 cursouse invitación para participar na contratación ás seguintes empresas:

- Noyamóvil, s.l. (rexistro nº 9774).
- Gadauto, s.a. (rexistro nº 9775).
- Lucuscar, s.l. (rexistro nº 9776).

Rematado o prazo concedido, presentou oferta no Rexistro da Cámara a seguinte empresa:

- Lucuscar, s.l. (rexistro nº 23458).

Ao tratarse da única proposición presentada, e unha vez comprobado que a documentación presentada pola empresa concorrente era correcta e a oferta cumplía os requisitos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas, a Mesa do Parlamento, na súa reunión do 26 de maio de 2014, previos propostas e informes preceptivos, acordou requirir a Lucuscar, s.l., para que presentara, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requerimento, a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas para proceder, no seu caso, á adjudicación do contrato.

Dito acordo da Mesa do Parlamento foi notificado á empresa Lucuscar, s.l. mediante correo electrónico o 27 de maio de 2014; con esta mesma data esta acreditada a recepción e lectura da referida notificación, polo tanto o prazo de dez días hábiles concedido para cumprimentar a presentación da documentación requerida rematou o 9 de xuño de 2014.

Transcorrido e esgotado o prazo concedido, non consta que a empresa Lucuscar, s.l. presentara a documentación requerida nin constitúira a garantía definitiva esixida, nin que xustificara os motivos que lle impediron cumplir co requerimento realizado e que eventualmente puideran exonerarlle de responsabilidade.

Ao abeiro do artigo 151.2 do TRLCSP, e conforme se reflicte na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, no caso de que o licitador non cumprise adequadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, procedéndose nesta caso a recabar a mesma documentación ao seguinte licitador pola orde na que quedaran clasificadas as respectivas ofertas

Ao non terse presentado máis que unha proposición, non pode recabarse novo requerimento de documentación ao seguinte licitador, polo que procede declarar deserta a adjudicación e concluído o procedemento.



Por outra banda, o incumprimento pola empresa Lucuscar, s.l. da obriga de presentar a documentación requirida é, ao teor do artigo 60.2.d do TRLCSP, unhas das causas que impedirán aos empresarios contratar coas Administracións Públicas. Segundo o parágrafo último do artigo 61.1 do TRLCSP a apreciación da concorrencia desta prohibición de contratar requirirá a previa declaración da súa existencia mediante procedemento ao efecto.

Polo tanto, proponse á Mesa a adopción dos seguintes Acordos:

- 1º Declarar que empresa Lucuscar, s.l. retirou inxustificadamente a súa oferta ao non ter presentado a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas, oportunamente requerida.
- 2º Acordar o inicio do procedemento para declarar á empresa Lucuscar, s.l. incursa na prohibición de contratar do artigo 60.2.d do TRLCSP.
- 3º Declarar deserta adxudicación e concluído o procedemento de contratación para a subministración dun vehículo automóbil en réxime de arrendamento sen opción de compra (renting) iniciado por Acordo de Mesa de 13 de maio de 2014.

Santiago de Compostela 12 de xuño de 2014.

Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior



Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Régime Interior



Mesa do Parlamento de Galicia